



CONCELLO DE

**CALDAS DE REIS**

**CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCION NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS A FAVOR DA ENTIDADE "CALDAS CLUB DE FUTBOL", PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES PROPIAS DO CLUB DEPORTIVO. ANO 2017.**

(Documento datado dixitalmente)

**REÚNENSE:**

Dunha parte o Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de CALDAS DE REIS, D JUAN MANUEL REY REY, en virtude do seu cargo e en uso das facultades que lle veñen conferidas pola normativa vixente.

Da outra D JORGE ABUÍN FERREIRO, Presidente do CALDAS CLUB DE FÚTBOL, co C.I.F. G36199495, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Avda. Dolores Mosquera, 16, baixo, en Caldas de Reis,

**ACORDAN:**

1º.- Formalizar neste acto un convenio de financiamento do CALDAS CLUB DE FÚTBOL, respecto da actividade de Escola municipal de FÚTBOL durante os meses de decembro 2016 a novembro 2017 por importe de 15.500,00 €.

2º Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das cláusulas que regularán a cooperación entre o Concello e o CALDAS C.F., para o financiamento de dita Escola durante o período referido no punto anterior.

**CLÁUSULAS:**

**1.- ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS**

A subvención que se outorguen ao abeiro do presente Convenio, terán como finalidade a colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción deportiva e dos gastos de conservación, mantemento ou reparación menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento das actividades de ESCOLA DE FÚTBOL, nos meses de decembro 2016 a novembro 2017.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



CONCELLO DE

## CALDAS DE REIS

### 2.- FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES E PROCEDEMENTO DE PAGO:

O Concello achegará a cantidade total de 15.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341 453 00 do orzamento municipal vixente.

Tendo en conta a natureza da actividade, carácter non lucrativo da entidade e dificultades de financiamento, a entidade beneficiaria poderá solicitar un anticipo de ata o 80% dos fondos concedidos (12.400,00 €), para poder atender os pagamentos derivados do proxecto ou actividade subvencionada.

Este anticipo queda exonerado da presentación de garantía, ao tratarse dunha asociación sin ánimo de lucro.

A liquidación final farase efectivo unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa pola entidade beneficiaria, segundo o disposto na cláusula 6 do presente Convenio.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas e ingresos, ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados, non obstante en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderán superar o custe do proxecto ou actividade subvencionada.

### 3.- REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Firmado este convenio, o CALDAS CLUB DE FUTBOL, será o encargado de levar a cabo as actividades e xestión propia da escola deportiva. No obstante, o Concello poderá participar na súa organización cando o solicite a Escola.

### 4.- DURACIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades da Escola Deportiva desenvolveranse nos períodos decembro 2016 a novembro 2017.

### 5.- PUBLICIDADE DAS ACTIVIDADES

A entidade CALDAS CLUB DE FÚTBOL adoptará as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade das actividades da escola deportiva. A tal efecto, na carteleira, equipacións, publicidade, etc., farase constar a colaboración do Concello de Caldas de Reis.

**6.- XUSTIFICACIÓN:** A xustificación completa da cantidade concedida deberá realizarse na data límite do 10 de decembro do ano 2017. O CALDAS CLUB DE FÚTBOL remitirá ao Concello memoria da actividade desenvolvida conforme ao modelo requirido polo Concello.

Así mesmo achegarase conta xustificativa que incluíra necesariamente declaración responsable respecto dos seguintes extremos:

- Declaración da actividade obxecto da subvención e detalle dos gastos incorridos
- Que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



CONCELLO DE

## CALDAS DE REIS

importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- **Orixinais ou copias cortexadas das facturas que deberán estar axustadas a normativa legal vixente.** (As facturas deberán recoller número de CIF, a data, o número de factura e o IVE co correspondente desglose, debendo figurar como destinatario a Entidade beneficiario).

En todo caso deberase **acreditar a realización do pago** respecto do importe do gasto obxecto da subvención, dita acreditación farase ben achegando o xustificante da transferencia bancaria, ou ben facendo constar na propia factura o recibín do preceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.

A subvencionabilidade do IVE esixe previa acreditación da imposibilidade de recuperación ou compensación mediante achega de certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (de exención do IVE ou recoñecemento do carácter social).

Non serán subvencionables os gastos de capital (elementos inventariables) e os gastos correntes non relacionados directamente coa actividade subvencionada.

En todo caso, o Concello resérvase o dereito de solicitar canta documentación considere precisa en relación coa xustificación dos gastos.

### 7. – DURACIÓN DO CONVENIO

A vixencia deste convenio remata o **31/12/2017**, sen prexuízo de que o período a efectos de gasto subvencionable abrangue desde o 1/12/2016 ata o 30/11/2017.

A data límite para presentación da documentación xustificativa fíxase o **10/12/2017**.

### 8.- INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a rescisión deste. O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a devolución das cantidades percibidas.

### 9.- SEGUIMIENTO E CONTROL

O Concello poderá exercer-lo seguimento e control das actividades da escola deportiva, en todo caso, ó peche de cada tempada, a escola está obrigada a presentar unha memoria onde figure o número de participantes, días das actividades, obxectivos conseguidos, axudas doutras administracións pedidas e acadadas, etc.

Poderase crear unha comisión mixta para o seguimento da execución deste convenio e para a solución das controversias formada polo Concelleiro Delegado de Deportes e o Presidente da asociación.

### 10.- INTERPRETACIÓN

As dúbidas que se presenten na súa interpretación serán resoltas polo Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de CALDAS DE REIS, co que se porá fin á vía administrativa.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



CONCELLO DE

## CALDAS DE REIS

### 11.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

### 12.- NORMATIVA APLICABLE

Para o non acordado neste convenio, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Caldas de Reis (BOP mº 183 de 22/09/2005), o Regulamento Xeral de Subvencións aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de Xullo, e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### DISPOSICION ADICIONAL

O CALDAS CLUB DE FÚTBOL declara non estar incurso en ningunha das prohibicións para obtención da condición de beneficiario, que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O CALDAS CLUB DE FÚTBOL declara estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. O certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Facenda Local incorporarase ao expediente de oficio pola Tesourería municipal.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, en proba de conformidade, asinan por triplicado, no lugar e data arriba indicados

O ALCALDE

O PRESIDENTE DO CALDAS CLUB DE FUTBOL



CONCELLO DE

**CALDAS DE REIS**

**ANEXO I**

**XUSTIFICACION E SOLICITUDE DE LIQUIDACIÓN FINAL DA AXUDA CONCEDIDA**

D<sup>a</sup>/D  en calidade de representante da entidade  
 con NIF/CIF  e enderezo en

**SOLICITA** a liquidación final da axuda concedida polo Concello de Caldas de Reis, por importe de  euros, e **DECLARA** que:

- a) Que se fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Caldas de Reis, do investimento/actividade subvencionado/a.
- b) Que tódolos documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de Caldas de Reis, no local social da entidade, aos efectos da súa posible comprobación.
- c) Que a entidade referida non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.  
- En caso afirmativo

Relación de axudas concedidas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade:	
Entidade	Importe:
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

- d) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos executados, sendo destinadas tódalas achegas a actividade subvencionada.
- e) Que a entidade á que representa non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario/a de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda e coa Seguridade Social e autoriza ó Concello de Caldas de Reis para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade que representa está ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- f) Que a devandita entidade ten cumprido on obxecto da subvención concedida.
- g) Que son certos os datos consignados na presente conta xustificativa, e acepto someterme as normas aplicables, facilitar a información e documentación que, no seu caso, sexa requirida polo Concell

E para que conste, asino en Caldas de Reis a

O representante da entidade



**Concello de Caldas de Reis**



CONCELLO DE

**CALDAS DE REIS**

**ANEXO II**

**MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN  
IMPOSTAS NA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

**A) RELACIÓN DE EQUIPOS E LICENZAS, CON INDICACIÓN DE:**

- Modalidade deportiva.
- N° de licenzas por categoría e sexo.
- Denominación oficial da liga ou campionato nos que participou.

**B) RESULTADOS DESTACADOS, CON INDICACIÓN DE:**

- Modalidade deportiva e proba.
- Categoría e sexo.
- Evento e data.
- Resultado.

**C) ADESTRADORES:**

- Número de adestradores titulados vinculados á entidade.
- Funcións que desenvolven.

**D) OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.**

Asinado polo/a presidente/a da entidade



**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393





CONCELLO DE

**CALDAS DE REIS**

**ANEXO IV**


**DETALLE DE INGRESOS**

Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo a subvención concedida) con indicación do seu importe e procedencia.

Nº	PROCEDENCIA DOS FONDOS	IMPORTE (euros)
1	- Subvención Concello de Caldas de Reis	
2	- Fondos Propios da Entidade	
3	-	
4	-	
5	-	
6	-	
7	-	
8	-	
<b>Total del ingresos obtidos .....</b>		

En Caldas de Reis a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

O representante da entidade



Asdo.: \_\_\_\_\_

DNI. \_\_\_\_\_



**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**ANEXO V**

**SOLICITUDE DE ANTICIPO DA AXUDA CONCEDIDA**

Dº/D  en calidade de representante da entidade  
 con NIF/CIF  e enderezo en

**MOTIVACIÓN:**

Tendo en conta a dificultade para xustificar no prazo establecido, o pagamento de todos os gastos e investimentos obxeto de subvención concedida polo Concello de Caldas de Reis, por importe de  euros, para colaborar no financiamento dos gastos e investimentos derivados do proxecto denominado

**SOLICITA** o aboamento dun anticipo de  euros

**COMPROMETÉNDOSE a:**

Reintegrar as arcas municipais o 100% da cantidade anticipada, no caso de que non se procedera á correcta execución e xustificación do proxecto para o cal foi concedida a axuda.

En Caldas de Reis a,  de  de

O representante da entidade

Asdo. \_\_\_\_\_



**CONCELLO DE CALDAS DE REIS**

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393